

PROGRAMA DE PRÁCTICAS EN EMPRESA PARA ALUMNOS DA UDC EN NAVANTIA, S.A.

Prazo de solicitude: ata o 19 de novembro de 2018

A empresa NAVANTIA, S.A., no marco do convenio asinado coa Universidade da Coruña o 3 de decembro de 2014, oferta 1 praza para a realización de prácticas académicas externas curriculares e extracurriculares.

A realización de prácticas curriculares será de acordo co plan de estudos correspondente

OBXECTIVOS

Os obxectivos que se perseguen son:

- Colaborar coa Cátedra Cosme Álvarez de los Ríos..
- Adquirir e mellorar as competencias profesionais, así como outras competencias transversais (versatilidade, capacidade de adaptación e de comunicación, autonomía persoal, toma de decisións, traballo en equipo...)

DESTINATARIOS

Seleccionaranse 1 alumno/a. O estudante será alumno de grado de segundo o terceiro curso.

Poderán realizar este programa de prácticas os estudantes universitarios que cumpran os seguintes requisitos:

- Estar matriculado/a, no momento da solicitude e no momento da data de comezo da práctica, en calquera das titulacións de **grado** que se impartan na Escola Politécnica Superior.
- A realización de prácticas curriculares será de acordo co plan de estudos correspondente. Para as prácticas **extracurriculares** será preciso ter superado o 50% dos créditos necesarios para obter o título de grado.

- Non manter relación contractual de tipo laboral, de prestación de servizos ou asimilable algunha coa empresa.

CONTÍA E PERIODO

O importe bruto da axuda será de 400€ mensuais cunha dedicación flexible de 20 horas semanais e un total de 600 horas.

SELECCIÓN

A selección farase por unha comisión integrada por:

- Profesor/a responsable de prácticas externas da Escola Politécnica Superior
- 1 PAS da Vicerreitoría do Campus de Ferrol e Responsabilidade Social

Orde de prelación do alumnado

Para establecer a orde de prelación do alumnado valorarase os seguintes criterios:

- Expediente académico
- Número de créditos restantes para a obtención do correspondente título

LUGAR E PRAZO DE PRESENTACIÓN

Os/as interesados/as poderán presentar as solicitudes presencialmente ou por correo electrónico (vcfrs@udc.es) na secretaría da Vicerreitoría do Campus de Ferrol e Responsabilidade Social ata as 14:00 h do día 19 de novembro achegando copia do expediente académico.